

7.- Conquista e colonización de América

- 7.1.- A explotación e conquista do territorio americano
- 7.2.- A organización e explotación do territorio
- 7.3.- O impacto nos pobos indíxenas

O C É A N O G L A C I A L Á R T I C O

O C É A N O
P A C Í F I C O

O C É A N O
A T L Á N T I C O

O C É A N O
I N D I C O

O C É A N O
P A C Í F I C O

O C É A N O G L A C I A L A N T Á R T I C O

© I.C.L.


→ Cabo de Boa Esperança
(Bartolomeu Dias)

→ América (Cristovo Colón)

→ Índia (Vasco da Gama)

→ volta ao mundo (Magalláns-Elcano)

As rotas dos descobrimentos xeográficos.



A primeira circunnavegación do mundo.

A primeira volta ao mundo



*Prima ego velivolis ambivi cursibus Orbem,
Magellane novo te duce ducta freto.
Ambivi, meritoq; vocor VICTORIA: sunt mi
Vela, ala; precium, gloria; pugna, mare.*



A nave Victoria, segundo un gravado da época.

As civilizações precolombianas



7.1.- A explotación e conquista do territorio americano (1)

- **A colonización do continente americano avanzou cara ao oeste**
 - Abrangue a súa práctica totalidade
 - Coa excepción do Brasil, en mans de Portugal como consecuencia do **Tratado de Tordesillas**
- A conquista desenvolveuse en **dúas grandes etapas**:
- **A primeira etapa foi capitaneada por Hernán Cortés**
 - A súa expedición, iniciada en 1518, saíu da illa de Cuba
 - Desembarcou en terras mexicanas
 - Internouse no territorio habitado polos **aztecas**
- Conseguiu
 - Dominalos militarmente, coa axuda de tribos inimigos
 - Apoderarse das súas riquezas
 - Converter o emperador **Moctezuma** no seu refén en 1519
- Os aztecas resistíronse a se someter ao dominio dos españois, pero Cortés
 - Venceunos na **batalla de Otumba** en 1520
 - Apoderouse dun amplo territorio que recibiu o nome de **Nova España**
- En 1522, toda a meseta central mexicana fora conquistada
 - Máis adiante, seríao a **península de Iucatán, centro da civilización maia**
 - Os seus colaboradores chegaran á actual **Guatemala** en 1523
 - Cortés abandonou México en 1524 para internarse na selva tropical ata alcanzar **Honduras**



Chegada dos conquistadores, con armas e animais descoñecidos polos indíxenas. Fragmento dun códice azteca do século XVI.



As civilizacións precolombianas.



Asedio da cidade de Tenochtitlán.


conquistadores

Xerónimo
de Aguilar


a Malinche
(dona Marina)

indíxenas


Hernán Cortés



Chegada de Cortés a Tenochtitlán, segundo un gravado do século XVI.



Unha cidade azteca



A construción máis representativa da cultura maia son as pirámides-templo con chanzos en pedra. No alto colocábase un quiosco ao que se accedía mediante unha grande escalinata. Estaban decoradas con pinturas e relevos, a miúdo con inscricións xeroglíficas.

quiosco

imaxe do deus Sol

escalinata

relevos de estuco

Un templo maia



Pirámide maia de Chichen Itzá, México.



Construcións da cidade maia de Palenque, México.

7.1.- A explotación e conquista do territorio americano (2)

- **A segunda etapa de conquista foi dirixida por Francisco Pizarro** a partir de 1531
 - Partiu de Panamá
 - Dirixiuse cara ás costas de Ecuador, para iniciar a **conquista do Imperio Inca**, que abarcaba o actual Perú, Ecuador e parte de Bolivia
 - Pizarro avanzou cara ao sur
- Aproveitando os enfrontamentos entre os incas
 - Conseguiu impoñerse sobre eles
 - Axustizou o seu principal caudillo, **Atahualpa**, en 1532
- O dominio sobre o territorio completouse o ano seguinte, coa conquista de Cuzco, a capital do Imperio
- Nesa mesma época en América do Norte, **Cabeza de Vaca** explorou Florida, Texas e California
- En América do Sur
 - **Orellana** recorreu o Amazonas
 - **Almagro e Valdivia** conquistaron Chile
 - **Pedro de Mendoza** fundou Bos Aires
- Finalmente, en Asia, as illas Filipinas foron conquistadas por **Legazpi e Urdaneta**
 - Recibiron ese nome en honor do príncipe Filipe, fillo de Carlos I



1. Indica cales son os territorios conquistados polos españois. Por quen foron dirixidas as conquistas?



▼
Os conquistadores chegaram com armas e animais desconhecidos pelos indígenas. Manuscrito *Lienzo de Tlaxcala*, século XVI.



Encontro entre Hernán Cortés e Moctezuma em 1519

armaduras
metálicas

armas
de fuego


cans

cabalos





Pizarro



- Estado inca en 1438
- conquistas de Pachacuti (1438-1471)
- conquistas de Túpac Yupanqui (1471-1493)
- conquistas de Huayna Cápac (1493-1525)
- cidade importante
- MEXICAS povo precolombino
- dirección da conquista



Atahualpa



Restos da cidade inca de Machu Picchu



Cidade inca
de Machu
Picchu, en
Perú.



Imperio americano no século XVI.

O Império americano em tempos de Filipe II



7.2.- A organización e explotación do territorio (1)

- **As terras conquistadas foron incorporadas á Coroa de Castela**, que
 - Financiou o descubrimento
 - Controlou a súa colonización
- **As Indias copiaron a organización institucional castelá**: instaurándose
 - Os **municipios**
 - As **Audiencias**, que se encargaban das funcións xudiciais e de goberno
 - Os **vicereinos**, dirixidos polo vicerrei
 - Estaban divididos en **gobernacións**, nas que os gobernadores tiñan os máximos poderes nos seus territorios
- Había dous vicereinos:
 - O de Nova España, ao noroeste
 - O de Perú, que se estendía por América do Sur
- Ao mesmo tempo desenvolveuse unha lexislación para a organización dos novos territorios: as **Leis de Indias**
 - A primeira recompilación foi a das **Leis de Burgos** en 1512
 - Respondían ao desexo real de evitar os abusos dos colonos prohibindo a escravitude
 - Pero obrigando os indíxenas a traballaren para os colonizadores

Artigo 4. Prové que cada quincena o encomendeiro realice un exame dos indios para comprobar o que aprenderon; que máis adiante lles ensine os Dez Mandamentos, os sete pecados capitais e os artigos da Fe (...).

Artigo 13. Prové que os indios están na obriga a extraer ouro das minas cinco meses ao ano; que ao final do período descansen durante corenta días (...).


Artigo 24. Prohibe pegar ou insultar ao indio.

Leis de Burgos, 1512
(tradución e adaptación).

2. Explica que eran as Leis de Indias. Que outras leis se aprobaron en 1542? Que pretendían?

7.2.- A organización e explotación do territorio (2)

- Os novos territorios supuxeron unha importante **fonte de ingresos** para Castela e, polo xeral, para a Coroa
 - Controlaba o tráfico comercial
 - Reservábase a quinta parte de todo o metal precioso (ouro, prata...): o **quinto real**
 - Reservábase un **gravame do 7,5 %** sobre todos os produtos importados ou exportados
- O ouro e a prata resultaron as maiores riquezas que se extraeron de América
 - As minas máis importantes foron as de prata
 - Atopábanse en Potosí (Bolivia) e Zacatecas (México)
- As terras e as minas foron as principais fontes de riqueza
- **As terras foron repartidas entre os colonizadores**
 - Entregábaselles un predio e un grupo de indios
 - Deste xeito xurdiron as **encomendas**, moi difundidas en Perú e México
 - O indíxena era encomendado ao colono
 - A cambio dunha teórica protección, quedaba obrigado a pagar tributos e a traballar forzosamente para o encomendeiro
- **As minas eran propiedade real**
 - A súa explotación concedéuselles a particulares
 - Tamén podían utilizar o sistema da encomenda para a súa explotación
 - Pero foi máis común a **mita**: traballo forzoso dos indíxenas
 - Articulábase en forma de sorteos que obrigaban a cada comunidade indíxena a contribuír cun grupo de traballadores



Unha encomienda americana.



O traballo dos indíxenas americanos segundo o códice *Relación de Michoacán*, século XVI.

1. Movement do leito do río para a extracción do ouro.

4. Transporte do ouro.

1

4

2

3

2. Separación das partículas de ouro polo método do bateo.

3. Peso do ouro (4g por persoa e mes, aproximadamente).

A explotación do ouro do alubión



7.2.- A organización e explotación do territorio (3)

- Aínda que, en teoría, os indíxenas eran libres e súbditos da Coroa,
 - Na práctica acabaron sometidos mediante formas semifeudais de explotación
- As disposicións da Coroa para evitar os abusos sobre a poboación, como as **Leis Novas de Indias** de 1542
 - Foron incumpridas de forma sistemática
 - A pesar das denuncias, como as do padre **Bartolomé de las Casas**
 - As dificultades de comunicación conduciron a unha notable autonomía dos colonizadores respecto do poder real
 - Acuñándose a afirmación: **“Obedézase, pero non se cumpra”**
- A corrupción e a explotación dos indíxenas foron, desde o principio, trazos destacados da administración en América

7.3.- O impacto nos pobos indíxenas (1)

- A conquista e colonización do Novo Mundo tivo **consecuencias demográficas desastrosas para a poboación indíxena**
 - Nas Antillas, os seus habitantes quedaron practicamente aniquilados
 - Isto obrigou a impulsar o **tráfico de escravos negros** dende África, primeiro baixo control portugués, e, máis tarde, holandés
- As principais causas foron
 - A ausencia de defensas nos nativos contra as enfermidades aportadas polos españois
 - As duras condicións de traballo impostas polos conquistadores
- A actitude fatalista ante o convencemento de que foran abandonados polos seus deuses explica
 - A submisións dos indíxenas
 - A facilidade con que foron sometidos e explotados

DOC.3 POBOACIÓN INDÍXENA
EN MÉXICO

	Anos	millóns
Segundo Rosenblat	1492	4,5
	1570	3,5
	1650	3,4
Segundo Cook e Borah	1492	25,3
	1523	16,8
	1548	6,3
	1580	1,9
	1605	1,0

A. ROSENBLAT: *A poboación indíxena e o mestizaxe en América*, 1954 e N. SÁNCHEZ ALBORNOZ: *A poboación de América Latina*, 1968.



3. Cales son as causas da situación que describe a táboa?

7.3.- O impacto nos pobos indíxenas (2)

- A mestura de indíxenas, colonizadores e poboación africana configurou un mundo **multirracial**, formado por
 - **Crioulos**: descendentes de españois
 - **Mestizos**: descendentes de europeos e nativos
 - **Mulatos**: descendentes de europeos e africanos negros
- Esta mestura racial non impediu unha sociedade profundamente desigual
 - Onde os crioulos acaparaban as riquezas e os postos na administración
- Igualmente, na América colonial, a **influencia cultural castelá** foi moi grande
 - Impúxose ás poboacións indíxenas
 - A lingua castelá consolidouse como idioma común
 - Moitos dos costumes dos colonizadores quedaron incorporados á cultura americana
- Se ben se mantivo unha destacada diversidade cultural,
 - Orixinada pola resistencia dos pobos precolombinos a abandonar as súas tradicións



Bautizo dun indíxena, *Crónica de Poma de Ayala*, século XVI.

8.- A sociedade e a economía do século XVI

- A expansión americana supuxo
 - Un manancial de riqueza para a sociedade hispana
 - A expansión económica
- As clases dominantes non a aproveitaron para a transformación social e mantivéronse
 - A sociedade estamental
 - O predominio nobiliario

8.1.- A estrutura dos reinos hispánicos (1)

- **Incremento continuado da poboación en Castela:** 15 % anual entre 1530 e 1594
 - Dáse principalmente no sur de Castela, moi relacionado co comercio con América
 - Na Coroa de Aragón apenas houbo aumento da poboación
- **Aumento da produción agrícola** debido a:
 - O incremento da poboación
 - A demanda de produtos dende América
- **En xeral nin mellora nin se transforma a estrutura agraria herdada da Idade Media**
 - As terras están concentradas nas mans de nobres e cregos
 - Os prezos dos produtos agrarios son altos debido a escaseza de terras de labor e os altos prezos de arrendamento
 - Os pequenos propietarios hipotecan as terras ou endebédanse para arrendar novas terras, estimulados polos altos prezos
 - Moitos arruínanse e perden as terras coas malas colleitas ou cos prezos baixos


DOC.1

A POBOACIÓN DOS REINOS HISPÁNICOS (S. XVI)

Anos	Castela	Coroa de Aragón
1500	5 500 000	850 000
1600	7 000 000	1 000 000

Datos aproximados reelaborados de diversas fontes.

millóns de habitantes



Reino de Aragón

Reino de Castela

Total



A poboación española en 1591.

territorio	habitantes	% do total
Reino de Castela	6 145 000	78
Coroa de Aragón	1 335 000	17
Navarra	150 000	1,9
Territorios vascos	200 000	2,5
Canarias	50 000	0,6
Total	7 880 000	100

Miniatura do século XVI que amosa a almacenaxe da colleita de trigo. Os suntuosos vestidos e a abundancia de gran reflicten a mellora da agricultura a partir do século XV.



Un año de malas colleitas podía desencadear graves mortaldades. Arredores de Valladolid, século XVI.

8.1.- A estrutura dos reinos hispánicos

(2)

- **Expansión da industria artesanal**, estimulada pola demanda do mercado americano, especialmente
 - A metalurxia vasca
 - A construción naval en Valencia e Cataluña
 - Os gremios téxtiles en Sevilla, Toledo, Cuenca e Segovia
- **Axiña non poden competir** pois a monarquía:
 - Favorece aos exportadores de la fronte os produtores de tecidos
 - Outorga protección aos industriais téxtiles flamengos
 - Deste xeito o mercado interior e o americano van quedando en mans dos competidores estranxeiros, quen de ofreceren produtos de máis calidade a un mellor prezo



▼
A cidade de Burgos no século XVI, cos ra-
baños de ovellas en primeiro plano.



Valladolid, século XVI



A actividade artesanal e comercial favoreceu o crescimento da cidade de Toledo durante o século XVI



Praza Maior de Medina del Campo

8.2.- O impacto do comercio americano (1)

- **O comercio foi o sector que coñeceu un maior desenvolvemento ao longo do século XVI**, grazas á explotación do Novo Mundo
 - Castela subministraba trigo, vide, aceite, gando, vestidos, armas...
 - De América chegaban
 - Fundamentalmente ouro e prata
 - Pero tamén produtos agrícolas ata daquela descoñecidos como o millo, a pataca, o cacao, o tabaco e o cacahuete
- **O monopolio do comercio americano outorgóuselle ao porto de Sevilla**
 - De alí partían ou chegaban todos os barcos da ruta americana
 - En 1503, a Coroa creou a **Casa de Contratación de Sevilla** para
 - Controlar o tráfico de persoas e mercadorías
 - Asegurarse a recadación dos tributos reais
 - As viaxes a América organizáronse mediante un sistema de **frotas**: buques que navegaban reunidos para darse mutua protección
 - Realizábanse dúas expedicións ao ano: ida e volta
 - Este sistema permitía
 - Controlar o comercio americano
 - Protexerse dos ataques dos piratas ingleses e holandeses

Nas Indias Occidentais, os españois (...) ou danse a sacar ouro e prata ou a levar e vender o que vai de España, porque todo aquel imperio é fertilísimo destes ricos e prezados metais e estéril e falto (...) de case de todo o que é mester para unha vida (...) algo regalada, que nin hai panos finos, nin sedas, nin lenzo, nin viño, nin aceite (...).

Por isto, os homes que moran naquelas partes, ou danse a esquilmar a terra destes tesouros que xera e produce en gran cantidade, ou a provela e enchela destas mercadorías (...).

Tomás DE MERCADO: *Suma de tratos y contratos*, 1569 (tradución e adaptación).

1. Cales eran as principais riquezas que os españois extraían das Indias?

DE AMÉRICA CARA À PENÍNSULA

metais preciosos
azucres
tabaco
cacao
froitas tropicais
pataca
tomate
millo



DA PENÍNSULA CARA A AMÉRICA


animais
vestidos
manufacturas
plantas
trigo
aceite
vide
gando vacún e ovino



8.2.- O impacto do comercio americano (2)


- Sen ningunha dúbida, o **ouro** e, sobre todo, a **prata** foron as mercadorías que dominaron o comercio americano
- Ao longo dos séculos XVI e XVII, e en especial entre 1531 e 1560
 - As existencias de prata triplicáronse
 - Mentres que as de ouro aumentaron nun terzo
- A enorme afluencia de metais preciosos provocou un aumento espectacular dos prezos, dun 400 %, no territorio castelán
 - Ao aumentar os cartos en circulación sen incrementar a produción
 - Deu lugar a un fenómeno coñecido como a **revolución dos prezos**
- Houbo un **elevado endebedamento da Coroa** española para financiar
 - Primeiro, a expansión
 - Despois, o mantemento do Imperio
- Isto fixo que gran parte deste tesouro se gastase con tanta rapidez como fora adquirido
 - Os banqueiros alemáns e xenoveses facilitaron o capital para equipar a armada e o exército
 - Recibiron, como pagamento, a meirande parte do tesouro americano
- Os efectos dinamizadores do ouro e da prata na economía castelá resultaron escasos
 - Xa que a riqueza que non acabou en mans dos banqueiros estranxeiros foi investida de xeito improductivo en xoias ou bens de luxo importados
 - En definitiva, **o enorme fluxo do comercio americano non serviu para transformar a estrutura económica de Castela**
- Mentres, na Coroa de Aragón e nos portos do Mediterráneo, o comercio decaeu debido á presenza turca

DOC.3 A REVOLUCIÓN DOS PREZOS



2. Que evolución seguen a chegada de metais preciosos e os prezos?

gastos en %




- pago de débeda
- gastos da Coroa
- Flandres
- defensa

Total: 12 320 000 ducados

O orzamento en tempos de Filipe II

ingresos en %



- impostos interiores
- impostos recadados no nome do Papa
- rendas que cobra a Coroa por dar privilexios
- Indias (metais preciosos)

Total: 10 220 000 ducados



Pintura de Quentin Metsys, de 1515, que amosa a actividade de dous cambiadores.



Naves do século XVI. Detalle do retablo da *Virxe dos Navegantes*, Sevilla.

Grazas ao monopolio do tráfico comercial e financeiro con América, Sevilla converteuse, no século XVI, nunha das maiores urbes do mundo.

Os barcos remontaban unha distancia de 100 km polo sinuoso río Guadalquivir ata o porto e a zona do Areal, que era un continuo ir e vir de comerciantes, viaxeiros e mercadorías.

Real Casa da Moeda
(fundición do ouro e da
prata de América)

La Xiralda

Peirao do
Areal

río Guadalquivir

reparación
das naves

comerciantes, viaxeiros
e transportistas

Sevilla no século XVI.





Porto de Amsterdam.



A revolución dos prezos levou á miseria a parte da poboación

8.3.- Unha sociedade estamental (1)

- A sociedade do século XVI caracterízase por:
 - A **preeminencia da nobreza e do clero**:
 - O ideal é ser nobre, aínda que non se teña fortuna
 - A forma máis extendida e sólida da súa preeminencia é o señorío: posesión vinculada a unha familia ou institución eclesiástica
 - A **persecución de calquera disidencia relixiosa ou ideolóxica**
- Todo isto tende a conformar unha sociedade
 - Dominada polos grupos máis conservadores
 - Na que se valora máis ser nobre, aínda que non se teña fortuna, que plebeo

8.3.- Unha sociedade estamental (2)

- **A nobreza** é o 5 % da poboación e abrangue:
 - A **Alta Nobreza**:
 - Elite que acumula inmensos patrimonios
 - Son os Títulos de Castela e Grandes de España, condes, duques, marqueses...
 - A **Pequena Nobreza**:
 - Teñen facendas moito máis precarias
 - Son os cabaleiros e fidalgos
 - A **Nobreza de toga e espada**: Persoas que acceden á condición de nobres por
 - Compra de títulos e de dignidades
 - Servizos á monarquía, administrativos (toga) ou militares (espada)
- **O clero** representa entre un 5 % e un 10 % da poboación, con diferenzas entre:
 - O **Alto clero**:
 - Viven como a nobreza
 - Son os arcebispos, bispos, abades
 - O **Baixo clero**:
 - Viven coma os campesiños ou artesáns
 - Son os párrocos, capeláns, monxes...


8.3.- Unha sociedade estamental (3)

- **Os peiteiros** son o resto
 - Son os **non privilexiados**, suxeitos ao dominio nobiliario e ao pagamento de tributos ou á xustiza ordinaria
 - Inclúen
 - **Campeñños**: o 80 % da poboación
 - **Poboación urbana**: entre un 5 % e un 10 %
 - Entre eles hai importantes **diferenzas de fortuna**:
 - Ricos:
 - Propietarios agrarios acomodados
 - Grandes mercadores
 - Mestres de gremio
 - Pobres:
 - Pequenos campeñños
 - Xornaleiros
 - Proletariado urbano

A xente común, a quen toca pagar os servizos (impostos) a V.M., está reducida a tan extrema calamidade e miseria que moitos deles anda espidos, sen ter con que cubrirse, (...) e aos señores, nin lles poden pagar as súas rendas nin teñen con que, e os cárceres están cheos e todos se van a perder.

El príncipe Filipe al emperador, Valladolid, 1545 (traducción e adaptación).

- 3.** Que situación lle describe Filipe II o seu pai?



Casa acomodada e casa popular.



Familia campesina.

8.3.- Unha sociedade estamental (4)

- Hai **grupos minoritarios** diferenciados pola procedencia étnica ou relixiosa
 - Entre eles salientan:
 - **Os mouriscos**
 - **Os marráns**: xudeus conversos
 - Están marxinados ou perseguidos
 - Moitos agochan a súa orixe por medo a represalias
- O máis característico é a existencia da **limpeza de sangue**, indispensable para
 - O prestixio social
 - A pertenza á nobreza
 - O desempeño de cargos públicos